

Artesanfroilán

14ª mostra artesanía

5-12 OUTUBRO 2.010
PRAZA DE ANXO FERNANDEZ GÓMEZ
(Detrás do Concello)

NOME DO ARTESÁN:.....D.N.I.....
NOME DO TALLER:.....N.I.F.
ACTIVIDADE/SECTOR.....
.
DIRECCIÓN:.....LOCALIDADE.....
CIDADE:.....PROVINCIA.....C.P....
.....
TLF:.....TLF. MÓVIL:.....E-MAIL.....

SOLICITO UN PAVILLÓN MODULAR DE 6 M² Precio:
60 Euros/m² IVE engadido

RÓTULO STAND (máximo 20 díxitos):

REMITIR A:

Centro De Artesanía e Deseño. CENTRAD.

Ref. ARTESANFROILÁN 2010

Travesía Rúa Chantada s/n, 27004-LUGO – Tfno: 982-210066

NORMAS E CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN

1ª) DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

1. O modelo de solicitude debidamente cumprimentado.
2. Fotocopia da Carta de Artesán ou documento análogo expedido pola autoridade competente.
3. Fotocopia DNI ou fotocopia do NIF da empresa.
4. 3 Fotografías mínimo dos artigos que desexa presentar na feira.
5. 1 Fotografía do stand que se ten previsto montar.

2ª) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

A documentación descrita anteriormente deberá ser remitida por correo á dirección indicada ó pé desta solicitude antes do vindeiro 26 de agosto.

3ª) ADMISIÓN E SELECCIÓN:

Non serán admitidas solicitudes incompletas, con borróns, emendas ou pouco lexibles.

Poderanse presentar solicitudes conxuntas para un mesmo stand (non mais de dous artesáns).

Presentada a SOLICITUDE, a COMISIÓN ORGANIZADORA procederá a comunicar ó solicitante por escrito a resolución tomada.

A organización resolve cada solicitude de admisión sen estar obrigada a xustificar a súa decisión.

O solicitante soamente poderá ter expostos produtos que teñan relación directa coa súa actividade artesanal.

A selección de participantes, realizarase na primeira semana de setembro, momento a partir da cal a Organización comunicará a súa decisión.

Unha vez comunicada a selección abrirase un prazo para o ingreso do canon de participación, do cal se remitirá fotocopia xustificativa deste ó Centro de Artesanía.

A distribución de espazos é un dereito exclusivo da Organización da Feira

4ª) ACTUACIÓN DURANTE A FEIRA:

O expositor comprométese a:

Recibir ós visitantes durante todo o horario de apertura da feira.

Manter pulcro o stand e en óptimas condicións en tódolos aspectos.

A non efectuar limpeza s ou colocación de materiais durante as horas de apertura.

Estará permitido un consumo eléctrico non superior a 500 W por stand.

A organización reservase o dereito a RETIRAR da feira todo aquel produto que non se considere artesanal ou de elaboración propia.

Procederase a entrada de mercancía e montaxe o luns, 4 de outubro de 9 a 14 H.

A saída de mercancía e desmontaxe realizarase o martes, 12 de outubro de 21 a 24 H.

5º) PREMIO:

A organización establece para este ano 2010 un PREMIO dotado con mil Euros, ó mellor stand da feira ARTESANFROILÁN 2010. Os criterios a valorar serán: o deseño do stand, a presentación do produto, a orixinalidade, e aquel que supoña un maior esforzo para mellora-la imaxe da feira.

6º) FOTOGRAFÍAS:

A organización ten dereito a fotografar e filmar as instalacións e stands, así coma os artigos expostos nos mesmos e utilizar estas reproducións nas súas publicacións e nos eidos de comunicación.

7ª) NOTA IMPORTANTE:

Todos os interesados que presenten a súa solicitude de participación, AUTORIZAN desde entón a Deputación Provincial de Lugo, para que todos os datos persoais que faga constar na mesma podan ser incorporados a un ficheiro propiedade da mesma e ser usados, polo tanto, para as comunicacións que a organización da Feira poda dirixir con motivo da mesma e sucesivas edicións, e por motivos complementarios.

O incumprimento de calquera das normas ou condicións, así como cometer actos que transgridan a imaxe da feira, producirá a inhabilitación do expositor para participar no sucesivo nas accións de promoción e comercialización organizadas polo Centro de Artesanía e Deseño.

O solicitante declara coñecer e aceptar as presentes bases por medio da súa firma ó final das mesmas

Enterado e conforme

Asdo.:

En _____, a ___ de _____ de 2010